



Guía Docente

Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Cognición e Procesos Cognitivos na Lingua Inglesa		Código	613505110
Titulación	Mestrado Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións (2019)			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Alonso Giraldez, Jose Miguel		Correo electrónico	miguel.giraldez@udc.es
Profesorado	Alonso Giraldez, Jose Miguel		Correo electrónico	miguel.giraldez@udc.es
Web	www.imaes.eu/?page_id=31			
Descrición xeral	Este curso constitúe unha introdución aos fenómenos da cognición e o procesamiento da linguaxe. O principal obxectivo é investigar como a mente humana (e, en última instancia, o cerebro humano) almacena e usa a linguaxe en liña. O curso busca proporcionar aos estudantes coñecementos básicos sobre a realidade psicolóxica da linguaxe e da forma en que a mente utiliza (ou non) o coñecemento gramatical no uso da linguaxe ordinaria.			

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	E01 Coñecemento dos principais modelos de investigación lingüística.
A2	E02. Coñecemento dos principais recursos e ferramentas de investigación lingüística.
A3	E03. Capacidade de reflexionar sobre os factores que condicionan a aprendizaxe e a adquisición do inglés como lingua estranxeira.
A4	E04. Coñecemento dos estudos de cognición e procesamento dentro da investigación na lingüística inglesa.
B7	CX2. Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos na contorna multidisciplinar e multifacética dos Estudos Ingleses
B8	CX3. Capacidade para utilizar de forma eficiente as novas tecnoloxías da información e da comunicación no ámbito dos Estudos Ingleses.
B10	CX5. Habilidade para investigar e manexar novos coñecementos e información no contexto dos Estudos Ingleses

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Este curso é unha introdución á psicolingüística e o procesamento lingüístico. A psicolingüística é a disciplina que estuda como a mente humana (e, en última instancia, o cerebro) almacena e usa a linguaxe en tempo real. Este curso persegue dotar o alumno dun coñecemento básico da realidade psicolóxica da linguaxe humana e do modo en que a mente fai uso (ou non) de información gramatical durante o procesamento lingüístico en tempo real.	AI1	BI7	
	AI2	BI8	
	AI3	BI10	
	AI4		

Contidos

Temas	Subtemas
-------	----------



1. Introducción á psicolingüística: obxectivos, alcance e métodos.	TEORÍAS COGNITIVAS e HISTORIA
2. Experiencia ou xenes. Innatismo.	TEORÍA LINGÜÍSTICA COGNITIVA- INTRODUCCIÓN-
3. A bioloxía da linguaxe. Adquisición.	TEORÍAS COGNITIVAS E FUNCIONAIS
4. As palabras na mente.	TEORÍAS COGNITIVAS E FUNCIONAIS II
5. Comprensión sintáctica.	A relación entre o coñecemento lingüístico e a cognición.
6. Produción sintáctica. Lingüística cognitiva.	Produción da linguaxe e do discurso, etapas.
7.-A produción semántica. A importancia do significado.	Comprensión (definición, coherencia e cohesión, avaliación da comprensión).
	A teoría cognitiva de Chomsky.
	Funcionalismo e experiencialismo.
	A función simbólica da linguaxe.
	Experiencia lingüística e fundamentos léxicos.
	Semántica cognitiva
	Categorización, prototipos, esquemas. A representación mental das categorías.
	O concepto de 'frame'.
	A experiencia encarnada: embodied experience.
	Metáfora e metonimia. Blended metaphor.
	A construción dos espazos da mente.
	Aspectos cognitivos da gramática
	Cognición e literatura.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Seminario	A1 A2 A3 A4 B7 B8 B10	14	30	44
Proba de ensaio	A1 A2 A3 A4	0	30	30
Atención personalizada		1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	Técnica de traballo en grupo o individual que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario. Clases e seminarios, incluíndo debates, traballo escrito, etc. Moodle UDC.
Proba de ensaio	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa. A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Seminario	A asistencia ás sesións na aula é obrigatoria, agás indicación médica oficial. Pódese acudir ao despacho do profesor en horas sinaladas, previa cita por e-mail, e tamén poden contactar con el profesor calquera dos sete días da semana a través do correo electrónico. É fundamental seguir a asignatura por Moodle UDC en todos os casos. As titorías poden establecerse a través de Teams, nomeadamente para alumnos con dispensa.
-----------	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Seminario	A1 A2 A3 A4 B7 B8 B10	A asistencia é obrigatoria. Participación activa nas clases (presencial e/ou virtual) que se plantexen como interactivas: ata un 20% da nota final.	20
Proba de ensaio	A1 A2 A3 A4	A avaliación (50%) pode consistir en a) proba(s) escrita(s) ou oral/orais realizada(s) nas aulas, na que se inclúen os contidos teóricos e prácticos do curso, coa presenza de preguntas teóricas e exercicios ou, no seu caso, b) Nun traballo(s) de curso realizado(s) ou non en clase (podería encargarse un traballo fóra da aula ou a preparación dunha exposición oral) Destreza na expresión en inglés tanto oral coma escrita, estilo, puntuación, vocabulario e correcta estruturación e presentación das actividades, e outros aspectos: ata un 30%	80

Observacións avaliación



Dado o carácter semi-presencial do título, a asistencia é obrigatoria, salvo dispensa solicitada en tempo e forma e concedida pola Comisión Académica Universitaria do título, e sempre respetando as normativas de asistencia a clase das tres universidades participantes no título, así como os sistemas de avaliación que figuran expresamente nas guías docentes das diferentes materias, e sen prexuízo das consecuencias que poida ter para a súa avaliación final a ausencia a determinadas sesións presenciais.

Quen

teña concedida a dispensa académica, e como establece a Normativa de permanencia da universidade, será avaliado seguindo os criterios aplicables á oportunidade de xullo.

É necesario acadar polo menos unha nota de 4 puntos EN CADA UN DOS exames ou traballos para sumar unha nota final.

Quen

non leve a cabo os traballos encomendados, no seu caso, ou non teña realizado traballo superior ao 50% do resto das categorías de avaliación, acadará a cualificación

de Non Presentado. A non presentación á proba obxectiva acarreará, independentemente do resto das cualificacións obtidas, a cualificación de NON presentado.

Quen non aprobe na primeira oportunidade terá á posibilidade da oportunidade

de xullo, na que cada estudante terá que demostrar ter acadadas as

competencias da materia mediante dous tipos de avaliación: un ou máis exercicios do mesmo valor porcentual e natureza que na primeira oportunidade o a correspondente proba escrita obxectiva.

Diversidade e adaptación. A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade consonte ás indicacións da Unidade de Atención á Diversidade.

Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia utilizarase a perspectiva de xénero (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas...) Asemade, traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase no posible para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Igualmente, deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero, no seu caso, e proporanse accións e medidas para corrixilas.

Máis sobre os plaxios: moi importante

Nesta asignatura podería empregarse a ferramenta Turnitin na avaliación dos traballos e as actividades. Atendendo ás recomendacións da Xunta de Facultade, engádese o seguinte texto que deberá ser tido en conta polos estudantes: Turnitin é unha aplicación de uso para o profesorado coa finalidade de revisar porcións de texto procedentes doutros textos e sinalar a súa procedencia. Esta ferramenta pode recoñecer traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso do mesmo estudante. Se esta circunstancia acontecese entenderase como contraria á honestidade académica e aplicarase a Normativa académica de evaluaciones, de calificaciones y de reclamaciones na avaliación. "Calquera falta de honradez académica (plaxio, copiar en exames, etc.) penalizarase de acordo co establecido nas 'Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dúas estudos de grao e mestrado universitario'".

IMPORTANTE: Calquera caso de plaxio ou fraude académico

significará un suspenso (0) na materia, tal e como aparece recollido no "Regulamento disciplinar do estudantado da UDC": Cualificación de suspenso na convocatoria en

que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con

?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico,

tanto se a comisión da falta se

produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a

modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.



Bibliografía básica	- Ungerer & Schmid (1996). An Introduction to Cognitive Linguistics. Harlow: Pearson Education - Evans, Vyvyan and Melanie Green (2006). Cognitive linguistics, 1. Edinburgh University Press Aitchison, J. 2008. The Articulate Mammal. London: Unwin Hyman. Aitchison, J. 2001. Language Change: Progress or Decay? Cambridge: C.U.P. Aitchison, J. 2003. Words in the Mind. Oxford: Blackwell. Aitchison, J. 1996. The Seeds of Speech. Cambridge: C.U.P. Altman, G. 1997. The Ascent of Babel. Oxford: O.U.P. Carroll, D.W. 2008. Psychology of Language. Pacific Grove, California: Brooks/Cole. Citron, Francesca and Goldberg, Adele E. Metaphorical Sentences Are More Emotionally Engaging than Their Literal Counterparts. May 2014. Journal of Cognitive Neuroscience 26:2585-2595 Field, John. 2004. Psycholinguistics: a resource book for students. London: Routledge. Field, John. 2005. Language and the mind. London: Routledge. Garman, M. 1990. Psycholinguistics. Cambridge: C.U.P. Jackendoff, R. 1993. Patterns in the Mind. New York: Harvester Wheatsheaf. Jackendoff, R. 2002. Foundations of language. Oxford: O.U.P. Pinker, S. 1994. The Language Instinct. London: Penguin. Steinberg, D. 1993. An Introduction to Psycholinguistics. Harlow, Essex: Longman. Aitchison, J. 2008. The Articulate Mammal. London: Unwin Hyman. Aitchison, J. 2001. Language Change: Progress or Decay? Cambridge: C.U.P. Aitchison, J. 2003. Words in the Mind. Oxford: Blackwell. Aitchison, J. 1996. The Seeds of Speech. Cambridge: C.U.P. Altman, G. 1997. The Ascent of Babel. Oxford: O.U.P. Carroll, D.W. 2008. Psychology of Language. Pacific Grove, California: Brooks/Cole. Citron, Francesca and Goldberg, Adele E. Metaphorical Sentences Are More Emotionally Engaging than Their Literal Counterparts. May 2014. Journal of Cognitive Neuroscience 26:2585-2595 Field, John. 2004. Psycholinguistics: a resource book for students. London: Routledge. Field, John. 2005. Language and the mind. London: Routledge. Garman, M. 1990. Psycholinguistics. Cambridge: C.U.P. Jackendoff, R. 1993. Patterns in the Mind. New York: Harvester Wheatsheaf. Jackendoff, R. 2002. Foundations of language. Oxford: O.U.P. Pinker, S. 1994. The Language Instinct. London: Penguin. Steinberg, D. 1993. An Introduction to Psycholinguistics. Harlow, Essex: Longman.
Bibliografía complementaria	Chomsky, N. (1957). Syntactic structures. The Hague: Mouton. Chomsky, N. (1959). A Review of B. F. Skinner's Verbal Behavior. Language, 35, 26-58. Chomsky, N. (1965). Aspects of the theory of syntax. Cambridge, MA: MIT Press. Chomsky, N. (1957). Syntactic structures. The Hague: Mouton. Chomsky, N. (1959). A Review of B. F. Skinner's Verbal Behavior. Language, 35, 26-58. Chomsky, N. (1965). Aspects of the theory of syntax. Cambridge, MA: MIT Press.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia utilizarase a perspectiva xénero (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...) Asemade, traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase no posible para modificalos e fomentar valores respecto e igualdade. Igualmente, deberánse detectar situacións de discriminación por razón xénero, no seu caso, e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías